



CONVOCATORIA DE PRAZAS PARA A FORMACIÓN NOS LECTORADOS DE LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS (PROCEDIMENTO PL500F)

A Secretaría Xeral de Política Lingüística, con data do 20 de agosto de 2020, fixo públicas, a través da súa páxina web e do seu taboleiro de anuncios, as listaxes provisionais de admitidos, excluídos e desistidos, respecto das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 18 de xuño de 2020 (DOG Núm. 130, do 2 de xullo), da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de prazas nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2020 (PL500F).

Logo de rematar o prazo de presentación de reclamacións contra as ditas listaxes, establecido no artigo 6.6 da antedita Orde, examinadas estas e tomadas en consideración as procedentes, publícanse as listaxes definitivas de admitidos (anexo I) e excluídos (anexo II).

Contra este acto, que non pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante o mesmo órgano que o ditou ou perante a persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,

A subdirectora xeral de Política Lingüística

María Lourdes Batán Aira



ANEXO I

ORDE do 18 de xuño de 2020 pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de prazas nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2020 (PL500F)

Relación de admitidos

Nº	Apelidos e nome	Universidade/s solicitada/s (orde de preferencia)		
		1º	2º	3º
1	Amarelo Montero, Daniel	Universidade de Bangor		
2	Blanco Casás, Antonio	Universidade Autónoma de Barcelona		
3	Costas Pereira, Raúl	Universidade de Miño		
4	Escudero Fontán, M. ^a Blanca	Universidade de Bangor	Universidade de Cork	Universidade de Kiel
5	Fernández Souto, Raquel	Universidade de Miño	Universidade de Deusto	
6	Ferreira Rodríguez, Vanesa	Universidade de Miño		
7	García Rodríguez, Antón	Universidade de Miño	Universidade de Cork	Universidade de Bangor
8	Hermo González, Gonzalo	Universidade Autónoma de Barcelona		
9	Lorenzo Iglesias, Xoán	Universidade de Deusto	Universidade de Cork	Universidade de Bangor
10	Rivadulla Costa, Diego	Universidade Autónoma de Barcelona	Universidade de Deusto	Universidade de Miño
11	Rozas Arceo, Alba	Universidade de Miño	Universidade de Deusto	
12	Soneira Sánchez, Alba M ^a	Universidade de Miño		



ANEXO II

ORDE do 18 de xuño de 2020 pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de prazas nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2020 (PL500F)

Relación de excluídos

Nº	Apelidos e nome	
1	Román García, Stela	Excluída por presentar a solicitude fóra do prazo establecido (03/07/2020 – 03/08/2020)
2	Vázquez García, Miriam	Excluída por non ter a titulación esixida

